



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

Expediente administrativo núm. 2024/X999/000007

Asunto: instalacións de temporada e servizos de formación e ensinanza de surf, bodyboard, longboard, pádel surf e demais especialidades da modalidade deportiva de surf, nas praias da Provincial da Coruña, ano 2024

# BANDO

Co fin de dar información aos interesados/as en solicitar os **servizos de temporada, que comprenden as instalacións de temporada (quioscos expendedores de bebidas, hidropedales, hamacas, terrazas, etc) e os servizos de formación e ensinanza de surf, bodyboard, longboard, pádel surf e demais especialidades da modalidade deportiva de surf** nas praias da provincia da Coruña, **para o ano 2024, INFORMO**

Que con data 27/12/2023 publicouse no Boletín Oficial do Estado (BOE) o correspondente anuncio.

**O prazo de presentación de solicitudes finalizará o 31/01/2024 e realizarase a través do concello onde se pretenda levar a cabo a explotación.**

Este concello soamente se encargará da recepción das solicitudes correspondentes a esta demarcación municipal. O concello, non asume a xestión do servizo, polo que será a Demarcación de Costas quen autorice as ocupacións temporais, que en ningún caso exime da obrigatoriedade por parte dos interesados/as, en obter cantas licenzas e ou autorización sexan esixibles, por parte doutros organismos con competencias sectoriais.

No caso particular de terrazas sobre paseos marítimos vinculadas a establecementos situados fóra do DPMT, que poderán situarse xunto aos seus respectivos establecementos, sempre e cando non se obstrúa o paso e uso público, as solicitudes poderán presentarse dende o 28/12/2023 ata o último día do segundo mes anterior ao previsto para iniciar a actividade (se o día fose inhábil, poderá presentarse ata o primeiro día hábil do mes anterior ao que se pretenda iniciar a actividade)

Calquera outra actividade, xornadas competición ou campionato de duración non superior a 15 días, que se realice no DPMT deberá solicitarse cunha antelación mínima de dous meses, respecto á data prevista da súa celebración, así como estar informada favorablemente polo Concello correspondente e no seu caso, por outro/s organismo/s con competencias sectoriais.

Para poder consultar que documentación é precisa presentar coa solicitude, ou as condicións da ocupación ou o canón para o ano 2024, ou outra información de interese, poderá dirixirse ás oficinas dos seguintes organismos:

- Concello de Laxe, Av. Cesáreo Pondal, núm. 26 - Laxe (A Coruña), telf. 981 70 69 03
- Demarcación de Costas de Galicia, San Pedro de Mezonzo, núm. 1 baixo (Esq. Avda. Finisterre), A Coruña, telf. 981 30 38 99
- consultar o anuncio publicado no BOE antes mencionado
- acceder ó seguinte enlace:

<https://www.miteco.gob.es/es/costas/participacion-publica/15-servicios-temporada-2024.html>

Laxe, documento asinado dixitalmente, na data sinalada á marxe

O 1º tenente de alcalde, don Francisco Charlín Oróns, *en substitución legal, en virtude do artigo 47 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e o artigo 23.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, de don José Luis Pérez Añón, alcalde do Concello de Laxe.*